

ORDENANZA FISCAL Número . 30
REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE
CELEBRACIÓN DE VODAS E ACOLLEMENTOS CIVÍS

Artigo 1º: FUNDAMENTO E NATUREZA

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (RD lexislativo 2/2004 de 5 de marzo), este concello establece a taxa pola prestación do servizo de celebración de vodas e acollementos civís, que se rexerá pola presente ordenanza fiscal.

Artigo 2º: FEITO IMPOÑIBLE

Constitúe o feito impoñible da Taxa a prestación de servizos municipais con ocasión da celebración de vodas e acollementos civís.

Artigo 3º: SUXEITO PASIVO

Son suxeitos pasivos desta taxa, as persoas físicas que soliciten a celebración da voda ou acollemento civil, que constitúe o feito impoñible da taxa.

Artigo 4º: COTA TRIBUTARIA

A cota tributaria fíxase en 120 euros.

Artigo 5º: BENEFICIOS FISCAIS

Non se aplicarán exencións, bonificacións nin reducións na aplicación desta taxa.

Artigo 6º: DEVINDICACIÓN

1.- Devindícase a taxa e nace a obriga de contribuír, cando se presente a solicitude de celebración da voda ou acollemento civil.

2.- Os suxeitos pasivos terán dereito á devolución da taxa, cando a voda ou acollemento non se celebre por causas imputables ao Concello.

Artigo 7º: DECLARACIÓN E INGRESO

As taxas esixíranse en réxime de autoliquidación, debendo presentarse e aboarse nas entidades colaboradoras.

Artigo 8º.- Devolución

1.- Os suxeitos pasivos terán dereito á devolución da taxa cando o matrimonio ou acollemento civil non se celebre por causa imputable ao Concello.

Entenderase causa imputable ao Concello, a orixnada exclusivamente por vontade municipal que non veña motivada, promovida, ocasionada ou provocada por actuacións, feitos, obras, conductas ou comportamentos dos interesados.

2.- Igualmente os suxeitos pasivos terán dereito á devolución do 80 por cento do importe da taxa cando a cerimonia do matrimonio ou acollemento civil non se celebre por causa imputable aos



CONCELLO DE OLEIROS
Xestión Tributaria/Recadación

Ordenanza 30

Taxa celebración vodas e
acollementos civís

mesmos, sempre que se comunique ao Concello, cunha anticipación mínima de 48 horas á data fixada para a celebración do matrimonio ou acollemento civil, por calquer medio que permita ter constancia da súa recepción polo Concello.”

Disposición final

A presente Ordenanza fiscal entrará en vigor o día da súa publicación no B.O.P., permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Dilixencia.- Faise constar que a presente Ordenanza foi aprobada provisionalmente polo Pleno do Concello, en sesión celebrada o día 29 de setembro do 2011, publicándose o seu texto íntegro no B.O.P Nº 241 de data 21 de decembro do 2011.

Por Pleno de data 31 de outubro do 2013 engadiuse un artigo 8º, publicándose o seu texto íntegro no BOP Nº 3 de data 7 de xaneiro do 2014.